

Venres, 20 de novembro de 2020

Núm. 225

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

**MUNICIPAL**

**REDONDELA**

### **Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

*BASES E CONVOCATORIA QUE REXERÁN OS PREMIOS ÁS RONDALLAS OU RANCHOS DE REIS QUE PARTICIPEN NOS ACTOS PROGRAMADOS CON MOTIVO DA FESTIVIDADE DE REIS 2021*

### **BASES E CONVOCATORIA QUE REXERÁN OS PREMIOS ÁS RONDALLAS OU RANCHOS DE REIS QUE PARTICIPEN NOS ACTOS PROGRAMADOS CON MOTIVO DA FESTIVIDADE DE REIS 2021**

#### **1. Obxecto da convocatoria.**

Regulación dos premios das Rondallas ou Ranchos de Reis que participen nos actos programados con motivo da Festividade de Reis do ano 2021.

#### **2. Crédito orzamentario.**

Destínanse 4.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3341A481.0002, para os premios ás comparsas que participen nos actos programados con motivo da Festividade de Reis do ano 2021. Ao ser gasto de tramitación anticipada, a concesión da subvención queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Cada Rondalla participante recibirá un premio de 500,00 € ata o total do presuposto. No suposto de superar o presuposto será repartido proporcionalmente entre os solicitantes.

#### **3. Entes beneficiarios.**

Serán susceptibles de obter os premios regulados nestas bases as seguintes agrupacións:

a) Rondallas ou Ranchos de Reis de adultos: definida como a agrupación dun numero superior a 5 persoas maiores de 16 anos.

b) Rondallas ou Ranchos de Reis mixta: a agrupación de Rondallas e Ranchos de Reis dun numero superior a 20 persoas das que cando menos dez sexan alumnos/as do centro e os outros dez pais/nais e profesorado.

c) Rondallas ou Ranchos de Reis infantil: a agrupación de Rondallas ou Ranchos de Reis nun número superior ás 8 persoas menores de 16 anos.



Venres, 20 de novembro de 2020

Núm. 225

#### 4. Requisitos dos beneficiarios.

As Rondallas ou Ranchos de Reis deberán gardar unha unidade temática tanto no seu vestiario coma na súa actuación. Non se considerarán como Rondallas ou Ranchos de Reis con dereito a inscrición e participación aquelas que en anos anteriores repetiran, no substancial, o tema.

Poderase excluír como beneficiario dos premios regulados nestas bases a todos aqueles que non acrediten as condicións mínimas esixidas.

#### 5. Procedemento.

As Rondallas ou Ranchos de Reis que opten aos premios é condición imprescindible solicitar a inscrición da Rondalla ou Ranchos de Reis conforme o modelo anexo.

As persoas físicas interesadas en acollerse aos beneficios destas bases presentarán as solicitudes no rexistro de entrada do Concello de Redondela dirixidas á Alcaldesa ou a través de calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas no modelo normalizado que se facilitará no propio rexistro.

Para o caso das persoas xurídicas, e de acordo co recollido no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presentación e tramitación destes premios farase exclusivamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Redondela, debendo proceder a súa sinatura a través dos mecanismos admitidos na sede electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal>).

No caso de que as entidades acheguen a súa solicitude en papel, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica, considerando coma data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación e que deberá realizarse dentro do prazo que se recolle a continuación.

O prazo de solicitude comezará a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto da convocatoria e rematará o día 31 de decembro de 2020.

No momento de formalizar a inscrición farase constar:

- O nome da Rondalla ou Rancho de Reis e a categoría na que se inscribe
- Número de membros que a compoñen
- Franxa de participación na que se encadran
- Tarxeta de Identificación Fiscal no caso de ser unha asociación constituída.
- Fotocopia do DNI do representante, no caso de que a solicitante non sexa unha persoa xurídica.
- Nome, DNI, enderezo, teléfono, de cada un dos participantes ou dos seus representantes legais, no caso de que a solicitante non sexa unha persoa xurídica.
- Certificado de titularidade de conta do representante ou da Asociación no caso de estar constituída.
- Deberán indicar o título e autores dos 5 temas que, como mínimo, deberán interpretar.



Venres, 20 de novembro de 2020

Núm. 225

O día da celebración do desfile o xurado concederá os premios aos participantes levantando acta da actuación destas e de ter cumprido os requisitos establecidos nas bases, e estará integrado por:

*Presidente:* Daniel Boulosa Martínez

*Membros:* María Castro Abad

Susana Couñago Andrés

Alberto Álvarez Pérez

*Secretaria:* Marta Alonso Domínguez

A composición do xurado poderá ser modificada por Resolución da concellería de cultura.

Por razóns sanitarias e atendendo a evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19, a celebración do desfile poderá cancelarse en aplicación das medidas establecidas en cada momento na normativa estatal, autonómica ou municipal quedando deserto.

O pagamento dos premios estará suxeito á normativa fiscal aplicable en cada caso. Na contía do premio concedido incluírase calquera tipo de tributo que proceda. No caso de que o pagamento se faga a través de facturas, os premiados expedirán as mesmas unha vez aprobada a resolución de concesión e polo importe que se conteña na mesma. Na factura deberá constar como concepto “Participación do rancho/rondalla na Festividade de Reis 2021”

Por outra banda, en todos os demais aspectos os premios rexeranse pola ordenanza xeral de subvencións do Concello de Redondela.

## 6. Desenvolvemento da actuación.

- As Rondallas ou Ranchos de Reis que opten aos premios terán que representar as súas actuacións entre o público en xeral.
- Para poder optar aos premios é imprescindible que as Rondallas ou Ranchos de Reis actúen como mínimo, unha vez, diante do Concello.
- Deberán interpretar, como mínimo, 5 temas.
- As Rondallas ou Ranchos de Reis farán o seguinte percorrido: rúa Padre Crespo, rúa Alfonso XII e Rúa Ribeira.

## 7. Publicidade.

As bases publicaranse no taboleiro electrónico, na páxina web do Concello de Redondela ([www.redondela.gal](http://www.redondela.gal)) e no Boletín Oficial da Provincia.

(Documento asinado dixitalmente na marxe)



Venres, 20 de novembro de 2020

Núm. 225

**ANEXO I****RONDALLAS OU RANCHOS DA FESTIVIDADE DE REIS**

Nome da Rondalla ou Rancho de Reis: _____
Enderezo: _____
C.P. : _____ Localidade: _____

**DATOS DO REPRESENTANTE:**

Nome e apelidos: _____
NIF: _____
Teléfono: _____
Relación coa entidade: _____
e-mail: _____

**PROGRAMA AO QUE SE ACOLLE** (Marcar cunha cruz o que proceda):

PROGRAMA	X
Rondallas ou Ranchos de Reis de adultos	
Rondallas ou Ranchos de Reis infantís	
Rondallas ou Ranchos de Reis escolar mixta	

TEMAS A INTERPRETAR (MÍNIMO 5 TEMAS)	
Título	Autor/a
1.	
2.	
3.	
4.	
5.	

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE**

- a) Fotocopia do DNI do representante ou CIF no caso de Asociacións
- b) Certificado de datos bancarios
- c) Anexo II (no caso de que o solicitante non sexa unha persoa xurídica)
- d) Anexo III (no caso de ser unha asociación sen ánimo de lucro)



Venres, 20 de novembro de 2020

Núm. 225

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008 e Bases e convocatoria que rexerán os premios ás rondallas ou ranchos de Reis que participen nos actos programados con motivo da festividade de Reis 2021.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen viventes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgase, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao domicilio electrónico: [dpd@redondela.gal](mailto:dpd@redondela.gal).

Así mesmo, informámoslle do dereito para presentar unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid ([www.agpd.es](http://www.agpd.es)).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Redondela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Asdo.: O/A representante

**SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA**





Venres, 20 de novembro de 2020

Núm. 225

**ANEXO III**

**ASOCIACIONES LEGALMENTE CONSTITUIDAS**

Nome da asociación: _____
CIF _____ Enderezo: _____
C.P. : _____ Localidade: _____

**DATOS DO REPRESENTANTE:**

Nome e apelidos: _____
DNI: _____
Teléfono: _____
Relación coa entidade: _____
e-mail: _____

**DECLARA**

- Que esta asociación, sen ánimo de lucro, solicita a súa participación nas actividades relacionadas coa Festividade de Reis de Redondela 2021.
- Que esta Rondalla o Rancho de Reis se compromete a levar a cabo as actividades recollidas nas bases reguladoras dos premios.
- **Que está formada por \_\_\_\_\_ compoñentes.**
- Así mesmo declara:
  - 1) Atoparse ao corrente nas súas obrigas co Concello de Redondela.
  - 2) Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
  - 3) Non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para recibir axudas de administracións públicas.

Redondela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2020

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA**



Venres, 20 de novembro de 2020

Núm. 225

**BASES Y CONVOCATORIA QUE REGIRÁN LOS PREMIOS A LAS RONDALLAS  
O RANCHOS DE REYES QUE PARTICIPEN EN LOS ACTOS PROGRAMADOS  
CON MOTIVO DE LA FESTIVIDAD DE REYES 2021****1. Objeto de la convocatoria.**

Regulación de los premios de las Rondallas o Ranchos de Reyes que participen en los actos programados con motivo de la Festividad de Reyes del año 2021.

**2. Crédito presupuestario.**

Se destinan 4.000,00 €, con cargo a la aplicación presupuestaria 3341A481.0002, para los premios a las comparsas que participen en los actos programados con motivo de la Festividad de Reyes del año 2021. Al ser gasto de tramitación anticipada, la concesión de la subvención queda condicionada a la existencia de crédito idóneo y suficiente en el momento de la resolución de la concesión.

Cada Rondalla participante recibirá un premio de 500,00 € hasta el total del presupuesto. En el supuesto de superar el presupuesto será repartido proporcionalmente entre los solicitantes.

**3. Entes beneficiarios.**

Serán susceptibles de obtener los premios regulados en estas bases las siguientes agrupaciones:

a) Rondallas o Ranchos de Reyes de adultos: definida como la agrupación de un número superior a 5 personas mayores de 16 años.

b) Rondallas o Ranchos de Reyes mixta: la agrupación de Rondallas y Ranchos de Reyes de un número superior a 20 personas de las que cuando menos diez sean alumnos/as del centro y los otros diez padres/madres y profesorado.

c) Rondallas o Ranchos de Reyes infantil: la agrupación de Rondallas o Ranchos de Reyes en un número superior a las 8 personas menores de 16 años.

**4. Requisitos de los beneficiarios.**

Las Rondallas o Ranchos de Reyes deberán guardar una unidad temática tanto en su vestuario como en su actuación. No se considerarán como Rondallas o Ranchos de Reyes con derecho a la inscripción y participación aquellas que en años anteriores habían repetido, en lo sustancial, el tema.

Se podrá excluir como beneficiario de los premios regulados en estas bases a todos aquellos que no acrediten las condiciones mínimas exigidas.





Venres, 20 de novembro de 2020

Núm. 225

## 5. Procedimiento.

Las Rondallas o Ranchos de Reyes que opten a los premios es condición imprescindible solicitar la inscripción de la Rondalla o Ranchos de Reyes conforme modelo anexo.

Las personas físicas interesadas en acogerse a los beneficios de estas Bases presentarán las solicitudes en el Registro de Entrada del Ayuntamiento de Redondela dirigidas a la Alcaldesa o a través de cualquiera de las formas señaladas en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas en el modelo normalizado que se facilitará en el propio Registro.

Para el caso de las personas jurídicas, y de acuerdo con lo recogido en el artículo 14.2.a) de la Ley 39/2015, del 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, la presentación y tramitación de estos premios se hará exclusivamente por medios electrónicos a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de Redondela, debiendo proceder a su firma a través de los mecanismos admitidos en la sede electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal>).

En el caso de que las entidades presenten su solicitud en papel, se le requerirá su subsanación mediante su presentación electrónica, considerando como fecha de presentación de la solicitud aquella en la que tuviese realizada la subsanación y que deberá realizarse dentro del plazo que se recoge a continuación.

El plazo de solicitud comenzará a partir del día siguiente al de la publicación en el Boletín Oficial de la Provincia del extracto de la convocatoria y acabará el día 31 de diciembre de 2020.

En el momento de formalizar la inscripción se hará constar:

- El nombre de la Rondalla o Rancho de Reyes y la categoría en la que se inscribe
- Número de miembros que la componen
- Franja de participación en la que se encuadran
- Tarjeta de Identificación Fiscal en el caso de ser una asociación constituida.
- Nombre, DNI, dirección, teléfono, de cada uno de los participantes o de sus representantes legales, en el caso de que la solicitante no sea una persona jurídica.
- Certificado de titularidad de la cuenta del representante o de la Asociación en el caso de estar constituida.
- Deberán indicar el título y autores de los 5 temas que, como mínimo, deberán interpretar.

El día de la celebración del desfile el jurado concederá los premios a los participantes levantando acta de la actuación de estas y de haber cumplido los requisitos establecidos en las bases, y estará integrado por:

*Presidente:* Daniel Boullosa Martínez

*Miembros:* María Castro Abad



Venres, 20 de novembro de 2020

Núm. 225

Susana Couñago Andrés

Alberto Álvarez Pérez

*Secretaria:* Marta Alonso Domínguez

La composición del jurado podrá ser modificada por Resolución de la concejalía de cultura.

Por razones sanitarias y atendiendo a la evolución de la situación epidemiológica derivada de la COVID-19, la celebración del desfile podrá cancelarse en aplicación de las medidas establecidas en cada momento en la normativa estatal, autonómica o municipal quedando desierto.

El pago de los premios estará sujeto a la normativa fiscal aplicable en cada caso. En la cantidad del premio concedido se incluirá cualquier tipo de tributo que proceda. En el caso de que el pago se haga a través de facturas, los premiados expedirán las mismas una vez aprobado por los cauces correspondientes. En la factura deberá constar como concepto "Participación del rancho/rondalla en la Festividad de Reyes 2021"

Por otra parte, en todos los demás aspectos los premios se registrarán por la ordenanza general de subvenciones del Ayuntamiento de Redondela.

## 6. Desarrollo de la actuación.

- Las Rondallas o Ranchos de Reyes que opten a los premios tendrán que representar sus actuaciones entre el público en general.
- Para poder optar a los premios es imprescindible que las Rondallas o Ranchos de Reyes actúen como mínimo, una vez, delante del Ayuntamiento.
- Deberán interpretar, como mínimo, 5 temas.
- Las Rondallas o Ranchos de Reyes harán el siguiente recorrido: calle Padre Crespo, calle Alfonso XII y calle Ribeira.

## 7. Publicidad.

Las bases se publicarán en el Tablón electrónico, en la página web del Ayuntamiento de Redondela ([www.redondela.gal](http://www.redondela.gal)) y en el Boletín Oficial de la Provincia.

(Documento firmado digitalmente en el margen)



Venres, 20 de novembro de 2020

Núm. 225

**ANEXO I****RONDALLAS O RANCHOS DE LA FESTIVIDAD DE REYES**

Nombre de la Rondalla o Rancho de Reyes: \_\_\_\_\_  
Dirección: \_\_\_\_\_  
C.P. : \_\_\_\_\_ Localidad: \_\_\_\_\_

**DATOS DEL REPRESENTANTE:**

Nombre y apellidos: \_\_\_\_\_  
NIF: \_\_\_\_\_  
Teléfono: \_\_\_\_\_  
Relación con la entidad: \_\_\_\_\_  
e-mail: \_\_\_\_\_

**PROGRAMA AL QUE SE ACOGE** (Marcar con una cruz el que proceda):

<b>PROGRAMA</b>	<b>X</b>
Rondallas o Ranchos de Reyes de adultos	
Rondallas o Ranchos de Reyes infantiles	
Rondallas o Ranchos de Reyes escolar mixta	

**TEMAS A INTERPRETAR (MÍNIMO 5 TEMAS)**

<b>Título</b>	<b>Autor/a</b>
1.	
2.	
3.	
4.	
5.	

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ADJUNTA CON LA SOLICITUD**

- a) Fotocopia del DNI del representante o CIF en el caso de Asociaciones
- b) Certificado de datos bancarios
- c) Anexo II (en el caso de que el solicitante no sea una persona jurídica)
- d) Anexo III (en el caso de ser una asociación sin ánimo de lucro)



Venres, 20 de novembro de 2020

Núm. 225

Legitimación del Ayuntamiento para el tratamiento de datos personales: Ordenanza General de Subvenciones del Ayuntamiento de Redondela publicada en el Boletín Oficial de la Provincia n.º 99 del 23 de mayo de 2008 y Bases y convocatoria que registrarán los premios a las rondallas o ranchos de Reyes que participen en los actos programados con motivo de la festividad de Reyes 2021.

De conformidad con lo establecido en la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y Garantía de los Derechos Digitales y su normativa de desarrollo y al Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos), así como de las disposiciones en materia de Protección de Datos que se encuentren vigentes durante el período de vigencia de estas bases, le informamos de que este Concello es el responsable del tratamiento y guarda de los datos aportados en la instancia y en la documentación que le acompaña. La finalidad del tratamiento de los datos es la gestión de este procedimiento.

Los datos personales no serán comunicados a un tercero, a no ser que deban facilitarse en cumplimiento de una obligación legal.

Los datos serán conservados el tiempo necesario para poder llevar a cabo el registro y las acciones para las que se le solicitó el consentimiento.

Puede retirar el consentimiento, en el caso de que lo otorgara, en cualquiera momento, pudiendo ejercitar sus derechos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición y potabilidad, cuando este último legalmente proceda, enviando una comunicación al domicilio electrónico: [dpd@redondela.gal](mailto:dpd@redondela.gal).

Así mismo, le informamos del derecho para presentar una reclamación ante la Agencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid ([www.agpd.es](http://www.agpd.es))

Asimismo, de conformidad con lo establecido en la letra d) del apartado 2 del artículo 15 de la Ley 9/2007, del 13 de junio, de Subvenciones de Galicia, los interesados podrán hacer constar en su solicitud su derecho a que no se hagan públicos sus datos cuando la publicación de los datos del beneficiario en razón del objeto de la subvención pueda ser contraria al respeto y salvaguarda del honor y a la intimidad personal y familiar de las personas físicas en virtud de lo establecido en la Ley Orgánica 1/1982, del 5 de mayo, de Protección civil del derecho al honor, a la intimidad personal y familiar y a la propia imagen, y sea previsto en su normativa reguladora.

Redondela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Fdo.: El/La representante

**SRA. ALCALDESA DEL AYUNTAMIENTO DE REDONDELA**





Venres, 20 de novembro de 2020

Núm. 225

**ANEXO III**

**ASOCIACIONES LEGALMENTE CONSTITUIDAS**

Nombre de la asociación: _____
CIF _____ Dirección: _____
C.P. : _____ Localidad: _____

**DATOS DEL REPRESENTANTE:**

Nombre y apellidos: _____
DNI: _____
Teléfono: _____
Relación con la entidad: _____
e-mail: _____

**DECLARA**

- h) Que esta asociación, sin ánimo de lucro, solicita su participación en las actividades relacionadas con la Festividad de Reyes de Redondela 2021.
- i) Que esta Rondalla o Rancho de Reyes se compromete a llevar a cabo las actividades recogidas en las bases reguladoras de los premios.
- j) **Que está formada por \_\_\_\_\_ componentes.**
- k) Asimismo declara:
  - 1) Encontrarse al corriente en sus obligaciones con el Ayuntamiento de Redondela.
  - 2) Encontrarse al corriente en sus obligaciones tributarias y con la Seguridad Social.
  - 3) No encontrarse incurso en ninguna causa de incompatibilidad o incapacidad para recibir ayudas de administraciones públicas.

Redondela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 202\_

Fdo.: \_\_\_\_\_

**SRA. ALCALDESA DEL AYUNTAMIENTO DE REDONDELA**

